

Acción de transferencia tecnolóxica nº 12/067

A competitividade das explotacións galegas de leite de vacún no ámbito europeo

Antecedentes e xustificación

A integración europea da nosa economía esixe contar con información non só das explotacións do propio país senón tamén das dos países que compiten nos mesmos mercados, máis aínda cando non existen restricións a circulación de mercadorías.

Desde o ano 2000, o CIAM colabora na Comparación internacional de custos de produción de leite con European Dairy Farmers. No estudo participa un grupo de explotacións leiteiras de Galicia, Castela-León e Cataluña, cuxo número, aínda que foi variando no tempo, sitúase na actualidade en torno a 25.

Este traballo, que é o único que se realiza tódolos anos en Europa cunha metodoloxía común, permitiu obter información dos custos de produción dunhas 290 explotacións de 19 países europeos, comparar os seus resultados e coñecer as razóns das diferenzas entre eles.

A importancia desta información é fundamental para coñecer a competitividade das nosas explotacións no seu contorno internacional máis próximo, as súas vantaxes e os seus puntos fracos no ámbito da UE.

Os resultados da comparación internacional quedan reflectidos nunha ponencia que se presenta no congreso anual de EDF e son discutidos nos talleres organizados a tal efecto no propio congreso.

Por outra parte, cada unha das explotacións participantes recibe un caderno en que se comparan os seus resultados cos das demais explotacións, tanto galegas como españolas e europeas. Iso permite a discusión dos resultados en reunións ás que asisten, ademais das explotacións implicadas, outras que manifestan o seu interese polo tema e que ven sendo a vía natural de ampliación do círculo de colaboradores.

Os resultados do estudo inclúense na publicación que recolle a análise dos resultados técnico-económicos das explotacións leiteiras de Galicia e serven de base para artigos de divulgación en revistas especializadas.

Obxectivos

1. Obter información técnico-económica das explotacións leiteiras dos países europeos, de interese tanto para a Administración autonómica como para o subsector lácteo.
2. Comparar a competitividade das explotacións leiteiras galegas coas europeas.
3. Colaborar na consolidación dunha rede permanente de comparación internacional de custos de produción de leite coordinada por EDF, así como no perfeccionamento da metodoloxía utilizada.
4. Divulgar os resultados da comparación de custos de produción das explotacións de leite galegas no ámbito europeo e da súa competitividade e promover a súa discusión entre as organizacións profesionais, produtores e técnicos.

Metodoloxía empregada

Localización

Os datos de custos de produción proceden dunhas 25 explotacións leiteiras das provincias da Coruña, Lugo e norte da provincia de Pontevedra, Burgos e Cataluña.

Planificación da actividade

Xaneiro-maio de 2012:

1. Recollida de información de custos de produción e realización do estudo comparativo.
2. Reunión de coordinación de EDF.

3. Reunión con colaboradores no estudo de custos de produción.

Xuño de 2012: Congreso de EDF en Bélxica (Hassel)

Xullo-décembro 2012:

1. Preparación do EDF report
2. Elaboración de informes de custos de produción
3. Xornada técnica cos colaboradores no estudo de custos de produción
4. Elaboración de artigos para revistas
5. Xornada para exposición dos resultados da comparación de custos no CFEA de Sergude
6. Reunión de coordinación de EDF